

1. ¿Que son as magnitudes fundamentais? Completa a seguinte táboa coas magnitudes fundamentais do Sistema Internacional.

Magnitude fundamental	Unidade	Símbolo
Lonxitude	metro	m
	quilogramo	
Tempo		
	kelvin	
Cantidade da substancia		
	amperio	
Intensidade luminosa		

2. ¿Que son as magnitudes derivadas? Completa a seguinte táboa con algunhas magnitudes derivadas do Sistema Internacional.

Magnitude derivada	Ecuación	Unidade	Símbolo
Superficie	$S = \text{longo} \cdot \text{ancho} = a \cdot b$	metro cadrado	m^2
	$d = \frac{\text{masa}}{\text{volume}} = \frac{m}{v}$		
Velocidade			$\frac{m}{s}$
			$\frac{m}{s^2}$
Forza			

3. Escribe en notación científica as seguintes cantidades:

- a) 3 500 000 b) 594,1 c) 0,00103

4. Escribe estendidas as seguintes cantidades:

- a) $6,12 \cdot 10^4$ b) $4,1 \cdot 10^{-6}$ c) $1,92 \cdot 10^8$

5. Ordena de maior a menor e expresa as seguintes masas nos múltiplos ou submúltiplos máis axeitados:

- a) $5 \cdot 10^3$ g b) $8 \cdot 10^{-3}$ g c) 5 300 g
 d) $3,9 \cdot 10^{-9}$ g e) $6 \cdot 10^9$ g

6. Unha motocicleta move-se de forma que o espacio recorrido e segundo indica a seguinte táboa:

t (s)	5	10	15	20
e (m)	200	400	600	800

- a) Representa graficamente en ordenadas o espacio e en abscisas o tempo. ¿Que tipo de función é?
 b) ¿Que espacio recorreu cando o tempo e de 3,5 s?
 c) ¿En que momento o espacio recorrido é de 50 m ?